

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE ABRIL DE 2022

Ás 10:10 horas do día 28 de abril de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 25 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de VigoZoo (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 2b e 6a)
D. Benjamín Collazo Rodríguez, xefe do Servizo de Limpeza (asiste aos puntos 5a e 6b)
D. Ignacio S. Ojea Pérez, suplente da xefa do servizo de Educación (asiste aos puntos 5b e 6c)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 8, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (11.158-612)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación infórmase que, segundo se desprende do certificado do Rexistro Xeral, os dous licitadores presentaron o sobre D "mostras" (documentos nº 220075900 e 220076685).

Ademais da proposición presentada a través da Plataforma de Contratos do Sector Público,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. presentou con data 18 de abril de 2022 un escrito a través do Rexistro Xeral (documento nº 220075684) co contido dos Sobres A e C. Compróbase que a documentación presentada non está encriptada, polo que non se garante o segredo da proposición antes do acto da apertura (artigo 139 da LCSP) o que constitúe un suposto de non admisión da proposición recollido na cláusula 13.4i.1 do PCAP ("A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

Acto seguido procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal" de CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA S.L. , tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Non admitir neste procedemento a PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).
- b) Outorgar un prazo de tres días a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado dado que no xa presentado non se respondeu á seguinte pregunta recollida na parte III "Motivos de exclusión", "Incumplimiento de obligaciones en el ámbito del Derecho medioambiental".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (6.634-213)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AIRBOX, S.A.
 2. PEYCAR PONTEVEDRA,S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar un novo DEUC coa parte III "Motivos de exclusión" debidamente cumprimentada dado que no xa presentado ou non respondeu a varias das preguntas ou respondeu



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



afirmativamente. Lémbrese que o incumprimento dos motivos recollidos na citada parte III implica a prohibición de contratar.

4.- Apertura da documentación técnica/Apertura de mostras

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (11.158-612)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo ao licitador para que poida emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité técnico multidisciplinar formado polo xefe do Servizo de Limpeza, o xefe da Área de Investimentos, o xefe de Administración Electrónica, os enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos municipal da Área de Fomento e a enxeñeira Industrial da Área de Fomento o 19 de abril de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliável mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 24 e 25 de abril de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliável mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (6.634-213)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores



para que poida emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

1.- *Propón como prezo da parte fixa do contrato sen IVE (Vc1_of): 331.811.404,86 euros.*

2.- *Propón como porcentaxe para o cálculo do custe para a xestión dos residuos da fracción orgánica 70,00%.*

3.- *Propón como porcentaxe única de desconto sobre os prezos unitarios previstos no apartado 3.g desta FEC para determinar o custe dos incrementos sobre os mínimos obrigatorios establecidos no PPTP da recollida separada destes residuos 50,00%.*

4.- *Propón a seguinte porcentaxe única de aplicación para a redución do importe máximo do incentivo sobre a recollida selectiva clásica máis os RAEE 4%.*

5.- *Propón a seguinte porcentaxe de tipo de interese ofertado polo licitador para a determinación do custe financeiro do plan de investimentos 0,01%.*

6.- *Propón a seguinte porcentaxe como incremento de aplicación sobre o indicado na cláusula 4.5 do PPTP cuxo importe consta no Anexo VI deste PCAP, para determinar o gasto dedicado ás campañas de información, comunicación e concienciación cidadá en relación ao obxecto do contrato 0,40%.*

7.- *Propón como prezo por tonelada a aboar ao Concello de Vigo pola venda do residuo "Papel-Cartón" de acordo coas condicións definidas na cláusula 11.4 do PPTP o de 1,00 euro.*

- UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN GESECO Y ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.U.

1.- *Propón como prezo da parte fixa do contrato sen IVE (Vc1_of): 332.051.828,02 euros.*

2.- *Propón como porcentaxe para o cálculo do custe para a xestión dos*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

residuos da fracción orgánica 1%.

3.- Propón como porcentaxe única de desconto sobre os prezos unitarios previstos no apartado 3.g desta FEC para determinar o custe dos incrementos sobre os mínimos obrigatorios establecidos no PPTP da recollida separada destes residuos 100%.

4.- Propón a seguinte porcentaxe única de aplicación para a redución do importe máximo do incentivo sobre a recollida selectiva clásica máis os RAEE 10 %.

5.- Propón a seguinte porcentaxe de tipo de interese ofertado polo licitador para a determinación do custe financeiro do plan de investimentos 0,01%.

6.- Propón a seguinte porcentaxe como incremento de aplicación sobre o indicado na cláusula 4.5 do PPTP cuxo importe consta no Anexo VI deste PCAP, para determinar o gasto dedicado ás campañas de información, comunicación e concienciación cidadá en relación ao obxecto do contrato 1%.

7.- Propón como prezo por tonelada a aboar ao Concello de Vigo pola venda do residuo "Papel-Cartón" de acordo coas condicións definidas na cláusula 11.4 do PPTP o de 10 euros.

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Dori Garcia Navarro con DNI **.27.42*, en representación de SA DE OBRAS COPASA; D. Ernesto Barrio Vega con DNI **.99.46*, D^a. Ana Iparraguirre Jimenez con DNI **.34.75* e D Jose Luis Perez Ouro con DNI **.27.56*, en representación de FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.; D. José Carlos Callejo García con DNI **.70.53*, en representación de CONTENUR, S.L.; e D Antonio Alvarez Domínguez con DNI **.51.93* en representación da UTE COPASAS-GESECO-ESPINA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as referidas proposicións ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios	Incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-)	Achega de materiais didácticos
1	ANA NAYA GARCIA, S.L.	3,27%	10 horas/semana	5.002,07 €
2	AURORA PILAR Y ANA, S.L.	11,2%	10 horas/semana	5.062,05 €
3	CARACOLANDIA, S.L.	3,5%	10 horas/semana	5.000,00 €



	Licitador	Porcentaxe de redución a aplicar aos prezos unitarios	Incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-)	Achega de materiais didácticos
4	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	10%	10 horas/semana	5.000,54 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Jacobo Rey Sanlés, con DNI ****.*75.45***, en representación de COLEGIO LOS MILAGROS e D^a. María Isabel Mejuto Iglesias, con DNI ****.*17.03***, en representación de ANA NAYA GARCÍA, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as referidas proposicións ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 18 de abril de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMATICA S.L.

Durante o prazo concedido, o 19 de abril de 2022 o licitador presentou documentación que se trasladou ao xefe do Servizo.

O 20 de abril de 2022 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe *"que a oferta presentado por MARKA INFORMATICA, S.L. pode ser viable por basearse na experiencia e volume de negocio dispoñible no ámbito obxecto do contrato"*.

A Mesa acepta, por unanimidade, o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 20 de abril de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe que rectifica o anterior de data 26 de abril de 2022. A Mesa acepta por unanimidade dos membros o informe do 26 de abril.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do suministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do suministro de equipos informáticos de usuario (ordenadores, monitores e escáneres) (9.811-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L.	77.13
2	UNIVERTIA, S.L.	67.15
3	HERBECON SYSTEMS, S.L.	61.64
4	ATI GALICIA, S.L.L.	39.60

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOFTWARE Y COMUNICACIONES MARKA INFORMÁTICA S.L. (B-36.742.153), para que presente, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "NOVO PARQUE DE BOMBEIROS E PROTECCIÓN CIVIL", redactado polos Arquitectos David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.993.738,31 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23/12/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUS MILLÓNS NOVECENTOS NOVENTA E TRES MIL SETECENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (2.993.738,31 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 519.574,42 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1360.622.00.00 (1a ANUALIDADE, NOVO PARQUE DE BOMBEROS).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	1.300.000,00 €
2023	1.693.738,31 €
TOTAL	2,993,738.31 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 130,29 %.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de abril de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 2 e 4 de abril de 2022 polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a enxeñeira industrial do Programa Next Generation-UE:

1. PROYECON GALICIA, S.A.
2. UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do “Novo parque de bombeiros e protección civil” (1.136-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ORECO, S.A.U.	97,95
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EMERGIS CONSTRUCCIÓN S.L.	94,58
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	93,88
4	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	93,33
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	89,68
6	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	83,80

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A.U. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

BALGÓN, S.A.U., o día 8 de abril de 2022, que presenta a documentación requirida o 20 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de abril de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGÓN, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGÓN, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 8 de marzo e 4 de abril de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das exclusións adoptadas por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de abril de 2022, dos licitadores que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado o 2 e 4 de abril de 2022 polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a enxeñeira industrial do Programa Next Generation-UE:

- PROYECON GALICIA, S.A.
- UTE CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS REHABILITAÇÃO, RESTAURO E CONSTRUÇÃO, LDA

2. Adxudicar a ORECO BALGÓN, S.A.U. (A-36.614.691) o procedemento aberto para a contratación das obras do "Novo parque de bombeiros e protección civil" (1.136-441) por un prezo total de 2.724.900,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 472.916,63 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:20 logo dun receso dunha hora e quince minutos, por mor de problemas técnicos da Plataforma de Contratos do Sector Público. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 01:17	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A243-CD2D38-E8B557-94NQ6G-QVTUBP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		